La Voz de Galicia MARTES 20 NOVEMBRO 2018 • ANO VI - Nº 173 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1. Líder BASKET




Estudiantes Lugo | Ensino Lugo

57 | 54

# BROTE CELESTE

**O Estudiantes rexurdiu na Liga Galega cadete feminina** tras impoñerse ao Cafés Candelas Ensino nun derbi marcado polas ausencias en ambos conxuntos e pola destacada actuación de Marta Fernández, aínda en idade infantil

LIGA GALEGA MINIBÁSKET

Segunda vitoria consecutiva de MGR Sarria na máxima categoría alevín, a primeira no Novo Chanto para o equipo de Xabi López-Acebedo



MGR SARRIA 72 – 63 BBCA

REPORTAXE

## Mellora do acceso ao Pavillón Ourol

Dende o ano da súa contrución, no 1999, estas instalacións deportivas non foran renovadas

LIGA GALEGA JÚNIOR

## Vitoria de moito mérito do Ensino



ENSINO 50 – 43 CLB

LIGA GALEGA PREINFANTIL



## Maristas é colíder tras gañar o derbi

A lesión do estudiantil Brais no quecemento foi o único negativo nun partidazo de principio a fin

ESTUDIANTES 69 – 73 MARISTAS

# Unha vitoria por amor propio

## O ENSINO, MERMADO POLAS AUSENCIAS, tirou de orgullo para impoñerse a CLB



A andaluza Carmen foi a xogadora máis destacada

| ENSINO 50 | | CLB 43 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Marina | 6 | Caeiro | |
| Tania | 1 | De Angelis | |
| Carmen | 31 | Santorum | |
| Leboreiro | 5 | Montenegro | |
| Natalia | 3 | Barcala | |
| Alejandra | 2 | Fernández | |
| Natalia G. | 3 | Pérez | |
| | | Navarro | |
| | | Martínez | |
| | | Nartallo | |
| | | Rey | |

**31**

**PUNTOS DE CARMEN ROCÍO** no seu mellor encontro coa camiseta do Durán Maquinaria Ensino, no que ademais de ser a máxima anotadora foi o referente defensivo do conxunto lucense

> "El deseo y las ganas de ganar nos han llevado a donde no llegan las piernas" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino



Natalia leva a pelota nunha acción de ataque ensinista

Vitoria de moito mérito do Durán Maquinaria Ensino ante CLB no Anexo. O conxunto de Miguel López, xa de seu curto de efectivos, afrontou o partido con sete xogadoras que se baleiraron na pista cunha actuación estelar de Carmen Rocío, a mellor coa camiseta do Ensino da xogadora andaluza ata a data.

O dominio no rebote ao longo do encontro foi unha das claves, pero tamén a intensidade defensiva desde os primeiros minutos que propiciou que o Ensino tomase o mando no marcador 10-6.

CLB, con maior fondo de armario, suscitou un partido con defensa a toda pista ao longo dos corenta minutos, conscientes da falta de rotación local, pero cando as pernas empezaron a fallar o Ensino tirou de orgullo, chegando con vantaxe aos últimos dez minutos que se presumían que serían eternos e o foron, pero as lucenses tiveron acerto no tiro libre para sumar unha vitoria de moito mérito.



Natalia G. baixo o aro ante a chegada dunha rival



Carmen Leboreiro trata de superar a presión rival

# A mellor das reaccións tralo Celta

## ESTUDIANTES varreu a Maristas tras caer entre semana co líder

| ESTUDIANTES 100 | | MARISTAS 38 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Ana | | Galán P. | |
| Zeltia | | Couto | |
| Eva | | Fernández | |
| María | | Gorosito | |
| Adriana | | Canoe | |
| Alba | | García | |
| Sabela | | Catoira | |
| Yashina | | López | |
| Candela | | Carro | |
| Alexía | | Rodríguez | |
| | | Galán M. | |



Maria Corredoira nun lance do encontro ante o Celta

Estudiantes reaccionou do mellor dos xeitos á derrota ante Celta entre semana. Maristas pagou os pratos rotos nun partido que as de Fernán Varela encararon con moitas ganas e un bo reflexo diso foron os dous primeiros parciais nos que con 27-6 e 32-12 levaron o marcador ata 59-18 ao descanso.

O máis destacado do encontro á marxe da intensidade que lle puxo Estudiantes foi a anotación. As celestes viron aro con moita facilidade desquitándose do sucedido na segunda parte ante o Celta, nun partido no que sufriron un apagón final.

> "A seguir trabajando y dando pasos poco a poco para convertirnos en el mejor equipo que podamos ser" FERNÁN VARELA Estudiantes

Ante Maristas mantiveron o listón alto ao longo dos corenta minutos, nos que dominaron todas as facetas do xogo para pechar o marcador cun claro un contundente 100-38.

### Ante Celta de Vigo

O pasado xoves as celestes recibiron no Anexo ao máximo aspirante ao título de Liga, un Celta que se presentou en Lugo con todo o seu arsenal ao citar a Carrera, a xogadora máis determinante do baloncesto galego júnior.

Estudiantes conseguiu meterlle o medo no corpo ás viguesas, como xa sucedera na final da Copa Galicia, aínda que nesta ocasión tan só puideron facelo na primeira parte do encontro.

# Estudiantes mantén ritmo de cruceiro

## MARCOS LÓPEZ planteou novidades en defensa en situación real de xogo

| ESTUDIANTES 97 | | B. CORUÑA 57 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Janusevicius | 27 | Serra | |
| Trabado | 7 | Mata | |
| Mark | 14 | Val | |
| Iago | 14 | Buendía | |
| Alberto | 6 | García | |
| Cabe | 5 | Souto | |
| Luis | 11 | López A. | |
| Jorge | 2 | López B. | |
| Olloqui | 2 | Busto | |
| Lucas | 3 | Valín | |
| Diego | 6 | González | |
| Pedro | | | |



Iago tras superar a un xogador de Basquet Coruña

Estudiantes segue cun ritmo constante e imparable na Liga Galega júnior masculina. Os de Marcos López roldaron de novo os 100 puntos ante un Baquet Coruña que deixou mellores sensacións sobre a pista do que indica o marcador final, e sobre todo do que reflicte a súa situación na táboa clasificatoria.

O conxunto estudiantil tivo fases de bo baloncesto, sobre todo no terceiro parcial no que Marcos López introduciu variantes defensivas para probar en situación real de partido, e o resultado foi un parcial de 23-9.

Os herculinos foron intensos en defensa, esixindo un bo nivel a un Estudantes que tomou o mando no marcador nos primeiros minutos cun parcial de 27-11 no primeiro cuarto. No segundo o 20-20 recompensou o esforzo visitante.

> "El equipo reaccionó muy bien a situaciones que llevamos entrenando muy poco tiempo" MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

Tralo descanso chegaron as variantes defensivas suscitadas por Estudiantes que propiciaron un apagón defensivo nun Basquet Coruña que se viu superado pola axuda das rotacións do banco celeste.

Ao final, sexta vitoria consecutiva para un Estudiantes que se queda nun man a man con Obradoiro Peleteiro á fronte da Liga como únicos equipos invictos. Na próxima xornada o conxunto lucense visita a Ourense nun esixente encontro no que se reeditará a última final da Copa Galicia na que Estudiantes saíu airoso no Anexo.



Lucía busca un pase ante a infantil Marta Fernández



A ensinista Nuria tras superar a presión de Claudia


A celeste Cristina coa pelota defendida por Nerea



Yashina baixo o aro defendida por Natalia e Lucía

# Estudiantes reinou nun espectacular derbi

## O CAFÉS CANDELAS ENSINO puido forzar a prórroga cun lanzamento de Any que entrou, pero fóra de tempo

**5**

**QUINTETO DE LESIONADAS**
As cinco lesionadas, antes e durante o derbi, marcaron este encontro e serían un quinteto de luxo na Liga Galega cadete. Carlota, Enma, Carla, Maite e Nuria entre Estudiantes e Ensino

**15**

**PUNTOS MARTA FERNÁNDEZ**
pese a que as máximas anotadoras do partido foron Yashina e Natalia, que ademais tiveron un duelo espectacular na pintura, a aportación da xogadora infantil foi o máis destacado do partido



Nerea coa pelota defendida pola ensinista Carla

| ESTUDIANTES 57 | | ENSINO 54 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Irene | | Sabela | |
| Candela | | Nerea | 2 |
| Yashina | 17 | Silvia | |
| Marta F. | 15 | Marta | 2 |
| Claudia | 13 | Antía | |
| Cristina | 6 | Nuria | 11 |
| Alejandra | 2 | Natalia | 27 |
| Carla | 4 | Any | 6 |
| Marta | | Lucía | 6 |
| | | Mencía | |

> “Sin esfuerzo es muy difícil, y más ante un equipo con esta intensidad” ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

> “Muy contento con la lucha de todas. Enhorabuena por el trabajo realizado” SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

Estudiantes deu un golpe sobre a mesa no derbi capitalino da Liga Galega cadete que lle mediu co Cafés Candelas Ensino. Un derbi marcado de inicio polas significativas ausencias por lesión en ambos bandos, pero decidido pola maior intensidade das celestes.

Con Enma e Carlota no banquiño de Estudiantes e con Maite no de Ensino vestidas de longo, a lesión de Nuria na segunda parte igualou as ausencias. Estudiantes sobrepúxose mellor a elas nun partido que por momentos se centrou nun duelo na pintura entre Yashina e Natalia, aínda que un dos factores desnivelantes do derbi foi tal vez o menos esperado, coa gran aportación en todos os aspectos da xogadora en idade infantil Marta Fernández.

O Ensino empezou mellor, cun parcial de 4-15 co que poñía terra polo medio no marcador. Con todo, cando peor pintaban as cousas para Estudiantes, as de Sise Peinó tiraron de orgullo para igualar o primeiro parcial, 14-15.

No segundo Estudiantes rompeu a Ensino, con Marta Fernández facendo diabluras para chegar con vantaxe ao descanso, 29-27.

Na segunda parte Estudiantes leu mellor o partido, especialmente ao comezo do último cuarto no que despegou no marcador. Xa contra as cordas e sen Nuria, lesionada en Ensino, Natalia García empeñouse en recuperar o tempo perdido e empatou o partido cun dous máis un.

O conxunto de Adrián Gónzalez fixo o máis difícil, pero Estudiantes, lonxe de acusar a presión, volveu tomar o mando da man de Yashina. No último arreón, Ensino tivo balón para ir á prórroga e Any anotou o triplo que a forzaba, pero por moi pouco o lanzamento foi fóra de tempo e Estudiantes alzouse co derbi.

# Vitoria pola vía rápida no Anexo

## ESTUDIANTES empezou pletórico en defensa e en ataque

| ESTUDIANTES 95 | | B. FERROL 51 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Sergio | 8 | Gómez | |
| Eloy | 5 | Gil | |
| Jorge | 4 | Sánchez | |
| Iker | 17 | Veiga | |
| Anxo | 9 | Vidal | |
| Álvaro | 8 | Chao | |
| Olloqui | 14 | Rey P. | |
| Dani | 8 | Sousa | |
| Antón | | Rey A. | |
| Durán | 6 | Porta | |
| Pedro | 13 | Estévez | |
| Lucas | 3 | | |

> “Buen partido en líneas generales dónde todo el mundo aportó” JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

**+26**

**NO PRIMEIRO CUARTO,** no que Estudiantes deixou sentenciado o encontro cun parcial inicial de 29-3 nos primeiros dez minutos de partido no Anexo

**17**

**PUNTOS DE IKER**
O francotirador mariñao asinou o seu mellor partido en ataque coa camiseta celeste. Tamén asinaron dobres díxitos Olloqui con 14 e Pedro con 13

Vitoria clara e contundentes dun Estudiantes pletórico en defensa e en ataque ante Basquet Ferrol no Anexo, onde os de Javi Peinó asinaron un partido moi completo desde os primeiros minutos nos que puxeron rumbo fixo cara á vitoria sen deixar marxe para que os ferroláns soñasen con ter algunha posibilidade.

A actividade defensiva coa que empezou Estudiantes deixou o encontro secou ao seu rival e propiciou canastras fáciles á contra tras roubos de balón. Todo iso viuse reflectido no marcador cun demoledor 29-3 co que finalizou o primeiro parcial.

A partir do segundo os visitantes puideron ver un pouco máis de aro en parte polo seu acerto máis que pola baixada de intensidade dun Estudiantes que dominou todas as facetas do xogo ao longo dos corenta minutos, nos que o mariñao Iker converteuse por primeira vez desde que recalou no conxunto celeste no máximo anotador con 17 puntos.

**Próxima xornada**

Duelo polo liderato deste grupo Norte da Liga Galega cadete a próxima xornada, na que Estudiantes, con pleno de vitorias nas catro xornadas disputadas, visita a pista dun Obradoiro que é líder con cinco vitorias noutros tantos encontros.



O celeste Anxo nun encontro disputado no Anexo

# De menos a máis ata rematar pletóricos

**ESTUDIANTES** soubo correxir sobre a marcha deficiencias no seu xogo para enderezar o rumbo e rematar impoñéndose con xustiza a Basquet Coruña

| ESTUDIANTES 94 | Pts. | B. CORUÑA 76 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Maneiro | | Gil | |
| Joel | | Diaz | |
| Fabio | | Casas | |
| Ruano | | Catoira | |
| Ales | | Lozano | |
| Manu | | Gonta | |
| Óscar | | Vázquez | |
| Cristian | | Pérez | |
| Serguei | | Devesa | |
| Gabi | | Piñeiro | |
| Brais | | Padin | |
| | | Lovera | |



O celeste Óscar nunha acción de ataque



Diego nunha loita pola posesión cun rival

> "Muy contento con la capacidad de adaptación del equipo en la segunda parte, ajustando pequeños detalles con los que regalábamos demasiado al rival en la primera" ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes

Estudiantes demostrou que é capaz de corrixir erros sobre a marcha ao longo dun encontro. Os de Ángel Riobóo fixérono ante Basquet Coruña nun partido no que, tras atoparse incómodos na primeira parte, conseguiron cambiar sensacións na segunda ao entender e plasmar sobre a pista un par de axustes do seu adestrador.

Nos primeiros minutos o ritmo de xogo foi moi alto, unha situación do xogo na que Estudiantes se sinte cómodo, pero aínda o estaban máis os herculinos, de aí ao 20-26 dos primeiros dez minutos.

No segundo o balance defensivo castigaba moito a Estudi antes, que cunha mala ocupación dos espazos, propiciada polas perdas de balón, vía como a diferenza a favor dos herculinos mantíñase co 25-30 que reflectia o marcador mediado o segundo parcial.

Estudiantes, a base de esforzo, conseguiu darlle a volta ao electrónico para chegar ao descanso con vantaxe, 39-36, pero as sensacións continuaban sen ser do todo boas. Na tregua do descanso Ángel Riobóo conseguiu variar o rumbo do encontro. Axustou a defensa sobre o base herculino, que fixo estragos á defensa lucenses na primeira parte e conseguiu o que o equipo tivese unha saída máis limpa de balón sobre a presión rival.

Aos poucos as sensacións foron mellorando no terceiro cuarto e cun parcial de 12-2 nos últimos tres minutos do cuarto Estudiantes tomaba impulso no marcador.

Ao comezo dos últimos dez minutos a posta en escena dos celestes foi irresistible e Basquet Coruña non tivo resposta, chegando a asinar un 28-2 nos primeiros sete minutos do último cuarto co que romperon con autoridade o marcador ao seu favor.



Sara atallando con autoridade un rebote ofensivo no Anexo



A celeste Iria coa pelota por diante da súa compañeira Laura

## O ritmo de xogo celeste varreu da pista a BBCA

| ESTUDIANTES 73 | Pts. | BBCA 22 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Candela | | Alvarez | |
| María | | Morado | |
| Iria | | Villar | |
| Nerea | | Iglesias | |
| Naiara | | Lamas | |
| Lucía | | González | |
| Laura Mesa | | López | |
| Carolina | | Pena | |
| Sara | | López | |
| Marta | | Vázquez | |
| Celia | | | |
| Laura Martín | | | |

> "El trabajo que realizamos empieza a dar sus frutos" JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes mostrou ante BBCA durante moitos minutos os seus acenos de identidade e o que pode dar este equipo. As de Julia Pena tiveron a intensidade por bandeira ao longo dos corenta minutos, especialmente en defensa, secando por completo ao seu rival.

Desde o inicio Estudiantes defendeu con moita actividade, roubando balóns e propiciando canastras fáciles á contra tras unha boa toma de decisións pese á velocidade que lle imprimían a cada acción.

Todo iso viuse reflectido no marcador co 27-6 co que finalizou o primeiro parcial, mentres que ao descanso a diferenza xa era de 52-14.

Lonxe de relaxarse as celestes volveron voar no terceiro parcial, enchendo o depósito de confianza con boas sensacións coas que arroiaron de novo a BBCA, 21-8 no terceiro cuarto co que pecharon o marcador.

Desde o máis alto da clasificación empatado con CLUB con tres vitorias e unha derrota á marxe do que faga Peleteiro, único equipo invicto na Liga, Estudiantes mídese a próxima xornada en Culleredo cun equipo que suma unha vitoria e tres derrotas.

## Burela xa se gusta na Liga Galega infantil

**O ACADEMIA MARIÑA** despegou na segunda parte na que tan só encaixou 13 puntos

| BURELA 77 | Pts. | B. FERROL 41 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Carlos | 11 | Franco | |
| Diego | 17 | Souto | |
| Antón | 22 | Valea | |
| Marcos | 15 | García | |
| Pablo | | Dopico | |
| Joaquín | 3 | Filgueiras | |
| Luis | 2 | López | |
| Álvaro | 2 | Lorenzo | |
| Álvaro Ben | 1 | Rico | |
| Daniel | 4 | Carballeira | |

> "Mejoramos en la segunda parte del encuentro" MANOLO COBAS Academia A Mariña

O Academia A Mariña Burela asinou o seu partido máis completo na Liga Galega infantil masculina ante Basket Ferrol, sobre todo nunha segunda parte na que o equipo de Manolo Cobas despregou o seu mellor baloncesto.

Nos dous primeiros parciais, pese a ser superiores, os mariñaos non estiveron do todo intensos en defensa. Pese a iso, impuxéronse 22-14 e 16-14 en cadanseu parcial.

Tralo descanso viuse a mellor versión de Burela, con moita actividade e intensidade defensiva, secando por completo ao seu rival, cargando o rebote ofensivo e pechando o defensivo, o que propiciou rápidos contraataques cos que Burela foi ampliando a diferenza no marcador co paso dos minutos.

Os parciais de 19-7 e 20-6 na segunda parte son un fiel reflexo do sucedido nos segundos vinte minutos nos que os de Manolo Cobas marcaron o camiño a seguir nas próximas citas.

**Próxima xornada**

Burela visita na Coruña a un Maristas que suma por derrotas todos os seus encontros, polo que será unha boa ocasión para seguir sumando vitorias e gañando en sensacións como equipo.

**+26**

**DE PARCIAL TRALO DESCANSO**

O Academia A Mariña Burela depegou no marcador na segunda parte na que tan só encaixou 13 puntos e anotou 39, marcando a liña a seguir nos próximos encontros polos de Manolo Cobas

1. Líder

# Maristas xa é colider da Liga tras impoñerse nun gran derbi

**A LESIÓN DO ESTUDIANTIL BRAIS NO QUECEMENTO** eclipsou un partidazo no Anexo no que Néstor desnivelou a balanza nos minutos finais para os de Rubén Engroba



Julian subindo o balón ante Bernal no Anexo



Jorge presionando a Dani nun lance do xogo

| ESTUDIANTES 69 | | MARISTAS 73 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Leo | 2 | Mauro | 6 |
| Rozas | 4 | Néstor | 7 |
| Serguei | 29 | Samuel N. | |
| Dani | 6 | David | 2 |
| Bernal | 2 | Samuel V. | 27 |
| Mario | 4 | Gabriel | 8 |
| Ismael | | Alexis | |
| Pi | 19 | Jorge | 2 |
| Santi | 3 | Julián | 19 |
| | | Gabriel F. | 2 |

Espectacular derbi capitalino o disputado entre Estudiantes e Maristas no Anexo. Un partido que empezou frío tras lesionarse o celeste Brais no quecemento, pero pouco a pouco foise intensificando coa igualdade, loita, deportividade e emoción que se viviu ao longo dos 40 minutos, e especialmente co desenlace final.

O ritmo de xogo e anotación foi moi alto desde o inicio, con Estudiantes por diante no marcador, 17-13, con Serguei dominando a pintura e Maristas sobrevivindo da man de Samu e Julián en ataque. No segundo parcial Serguei tivo minutos de descanso e os de Rubén Engroba aproveitáron para darle a volta ao marcador. Con todo, Julián retirouse momentaneamente lesionado e Estudiantes volveu tomar o mando para chegar ao descanso con vantaxe, 42-35.

Maristas non se rendeu e Samu viu aro con facilidade. Ademais, Julián recuperouse e foron recortando distancias ata que nun final de poder a poder apareceu Néstor cun triplo e unha canastra de dous para poñer por diante a un Maristas que xa non soltou o mando no marcador ata o final do encontro.

**1º**

**POSTO DE MARISTAS,** que comparte liderado con Culle e Narón, os tres conxuntos con tres vitorias e unha derrota nas catro primeiras xornadas disputadas na Liga Galega Preinfantil

**29**

**PUNTOS DE SERGUEI,** que trala lesión de Brais asumiu con Pi, 19 puntos, o liderado ofensivo. Samuel Viña, con 27, foi o máximo anotador de Maristas

**5**

**PUNTOS DE NÉSTOR**
No desenlace final, cando a todos lles queimaba o balón, o xogador colexial anotou un triplo e unha canastra de dous para asinar 5 dos seus 7 puntos



Serguei co balón presionado por Mauro e Julián

> "Todos le deseamos una pronta recuperación a Brais" NICO Estudiantes Lugo

> "Desde nuestro equipo deseamos que lo de Brais no sea nada y que pueda estar cuanto antes jugando partidos tan vibrantes como este" RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

# Estudiantes fixo valer a súa superioridade

**PARTIDO DOMINADO DE PRINCIPIO A FIN** polas de Gemma

| ESTUDIANTES 70 | | PORTO SIN 22 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Laura | | García | |
| María A. | | Fernández | |
| Ana | | Farnán | |
| Sara P. | | Boo | |
| María C. | | Vidal | |
| Paula | | Castro | |
| Aroa | | Iglesias | |
| Daniela | | Maneiro | |
| Lucía | | Mohedano | |
| Alma | | Coria | |
| Sara G. | | Vigo | |

> "Seguimos trabajando día a día. El Objetivo principal es volver a competir como equipo sin perder la perspectiva. Esperamos lograrlo para conseguir que esta sea una gran temporada" GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

Cuarta vitoria noutros tantos encontros disputados polo Estudiantes na Liga Galega preinfantil, mantendo o pleno de triunfos nun inicio de tempada no que BBCA e CLB tamén se manteñen invictos con catro e tres encontros disputados respectivamente.

A última vitoria das estudiantís chegou ante o debutante na competición Porto Sin, e este foi precisamente un dos factores desnivelantes xa que Estudiantes fixo valer a súa maior experiencia neste tipo de competicións, ámarxe da superioridade física e técnica que plasmaron na pista e sobre o marcador as xogadoras de Gemma Souto.

O 24-6 do primeiro parcial foi unha declaración de intencións sobre o que sería o encontro. Estudiantes xogou o seu partido e co paso dos minutos a diferenza no marcador foise ampliando ata chegar ao descanso cun claro e contundente 39-9 que reflectía o electrónico do Anexo.

Tralo descanso as visitantes intentaron competir en cada momento, loitando por cada balón á marxe da diferenza que se ia ampliando e que terminou co 70-22 final tras un 13-4 no terceiro parcial e o 28-9 dos últimos dez minutos.

**4**

**VITORIAS** nos catro encontros disputados polo Estudiantes neste inicio de tempada na Liga Galega preinfantil feminina

**Próxima xornada**

Estudiantes desprázase a Culleredo na próxima xornada da Liga Galega preinfantil para medirse cun equipo que aínda non coñece a vitoria nas catro xornadas que disputou. Sendo o duelo directo entre CLB e BBCA, terceiro contra segundo respectivamente, o enfrontamento máis destacado da quinta xornada do que sairá o principal rival de Estudiantes polo primeiro posto da clasificación.



Ana realiza unha bandexa ante dúas rivais



A celeste Alma baixo o aro a piques de lanzar

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

Obradoiro – C. Ourense 85-43
Rosalía – PBB A 90-62
Estudiantes – B. Coruña 97-57
Seis Nadal – Tui 61-72
B. Ferrol – Bosco 81-38
Blanco Amor – Sigaltec 61-72

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 6 | 6 | 0 | 0 | 512 | 278 |
| **ESTUDIANTES** | **6** | **6** | **0** | **0** | **591** | **357** |
| CLUB OURENSE | 6 | 4 | 2 | 0 | 371 | 350 |
| BASKET FERROL | 6 | 4 | 2 | 0 | 447 | 368 |
| ROSALÍA | 5 | 4 | 1 | 0 | 389 | 350 |
| SEIS DO NADAL | 6 | 3 | 3 | 0 | 394 | 452 |
| PBB A | 6 | 3 | 3 | 0 | 348 | 428 |
| BOSCO | 6 | 2 | 4 | 0 | 365 | 368 |
| SIGALTEC | 6 | 1 | 5 | 0 | 349 | 472 |
| B. CORUÑA | 6 | 0 | 6 | 0 | 313 | 495 |
| TUI SETA | 4 | 1 | 3 | 0 | 270 | 331 |
| BLANCO AMOR | 5 | 0 | 5 | 0 | 320 | 420 |

### PRÓXIMA XORNADA

C. Ourense - Estudiantes; PBB A - Blanco Amor
B. Coruña - Rosalía; B. Ferrol - Obradoiro
Silgaltec - Seis Nadal; Bosco - Tui

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

Maristas – Peleteiro ---
Estudiantes – B. Coruña 94-76
Culleredo – Rosalía 69-75
Burela 05 – B. Ferrol ---

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 4 | 3 | 1 | 0 | 315 | 247 |
| KFC CULLE | 4 | 3 | 1 | 0 | 286 | 196 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **228** | **190** |
| BASQUET CORUÑA I | 3 | 2 | 1 | 0 | 190 | 135 |
| PELETEIRO | 3 | 2 | 1 | 0 | 185 | 131 |
| **BURELA 05 MASC.** | **3** | **1** | **2** | **0** | **171** | **193** |
| BASKET FERROL | 3 | 0 | 3 | 0 | 81 | 214 |
| MARISTAS | 3 | 0 | 3 | 0 | 70 | 220 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Rosalía; Peleteiro - Estudiantes
B. Coruña - Culleredo; Burela - Maristas

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

Estudiantes – B. Ferrol 57-66
MGR Sarria – BBCA 72-63
Narón – Ria Ribadeo 104-54

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 5 | 5 | 0 | 0 | 357 | 196 |
| NARÓN | 4 | 3 | 1 | 0 | 312 | 234 |
| **MGR CB SARRIA** | **5** | **2** | **3** | **0** | **313** | 385 |
| BBCA PONZOS | 4 | 2 | 2 | 0 | 269 | 230 |
| **ESTUDIANTES LUGO** | **4** | **2** | **2** | **0** | **256** | **232** |
| **MARISTAS LUGO** | **4** | **1** | **3** | **0** | **131** | **275** |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **4** | **0** | **4** | **0** | **220** | **306** |

### PRÓXIMA XORNADA

Ria Ribadeo - Estudiantes; BBCA Ponzos - Narón
Maristas Lugo - MGR Sarria

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

Est. Pontevedra – C. María 53-70
Estudiantes – Maristas 100-38
Peleteiro – PBB A 66-32
Durán Ensino – Cortegada 50-43
RC Celta – Arxil 98-20
Rosalía – Bosco 87-22

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 6 | 6 | 0 | 0 | 487 | 226 |
| **ESTUDIANTES** | **6** | **5** | **1** | **0** | **436** | **281** |
| ROSALIA PIO XII | 6 | 4 | 2 | 0 | 435 | 353 |
| PELETEIRO | 6 | 4 | 2 | 0 | 343 | 296 |
| BOSCO | 5 | 4 | 1 | 0 | 253 | 273 |
| **DURAN ENSINO** | **6** | **3** | **3** | **0** | **339** | **324** |
| MARISTAS | 5 | 2 | 3 | 0 | 296 | 364 |
| ARXIL A | 6 | 1 | 5 | 0 | 210 | 398 |
| PBB A | 6 | 1 | 5 | 0 | 287 | 397 |
| COMPAÑIA MARIA | 4 | 2 | 2 | 0 | 204 | 255 |
| CORTEGADA | 5 | 1 | 4 | 0 | 237 | 315 |
| EST. PONTEVEDRA | 5 | 0 | 5 | 0 | 220 | 265 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Peleteiro; PBB A - Durán Ensino
E. Pontevedra - Rosalía; Bosco - Estudiantes
Cortegada - RC Celta; C. María - Arxil

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

Rosalía – Cortegada 43-74
Estudiantes – BBCA 73-22
Maristas – Culleredo 67-57
Giraldo – Peleteiro ---

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **254** | **183** |
| CORTEGADA | 4 | 3 | 1 | 0 | 276 | 230 |
| PELETEIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 216 | 82 |
| MARISTAS CORUÑA | 4 | 2 | 2 | 0 | 224 | 257 |
| GIRALDO CBV | 3 | 2 | 1 | 0 | 228 | 158 |
| INSTITUTO ROSALIA | 4 | 1 | 3 | 0 | 169 | 260 |
| KFC CULLE | 4 | 1 | 3 | 0 | 174 | 263 |
| BBCA PORTO | 4 | 0 | 4 | 0 | 164 | 272 |

### PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Rosalía; Culleredo - Estudiantes
Cortegada - Peleteiro; Giraldo - Maristas

## JUNIOR 2º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

Ensino Lugo – BBCA 46-58
Culleredo – San Ciprián 76-37
Ria Ribadeo – CB Terra Chá 88-14

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **C. B. RIA RIBADEO** | **4** | **4** | **0** | **0** | **254** | **158** |
| KFC CULLE | 4 | 3 | 1 | 0 | 290 | 147 |
| BBCA FRAGATA | 4 | 3 | 1 | 0 | 251 | 140 |
| **ENSINO LUGO** | **4** | **1** | **3** | **0** | **187** | **227** |
| **SAN CIPRIÁN** | **4** | **1** | **3** | **0** | **117** | **243** |
| **CB TERRA CHA** | **4** | **0** | **4** | **0** | **81** | **265** |

### PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Culleredo; Terra Chá - Ensino Lugo
San Ciprián - Ria Ribadeo

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

Culleredo – Narón 78-36
Rosalía – Carballo 108-50
Estudiantes – B. Ferrol 95-51
B. Coruña – Obradoiro 34-89

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **5** | **5** | **0** | **0** | **484** | **261** |
| OBRADOIRO | 5 | 5 | 0 | 0 | 416 | 204 |
| INSTITUTO ROSALIA | 5 | 4 | 1 | 0 | 474 | 282 |
| BASQUET CORUÑA | 5 | 2 | 3 | 0 | 288 | 347 |
| KFC CULLE | 5 | 2 | 3 | 0 | 320 | 322 |
| BASKET FERROL | 5 | 2 | 3 | 0 | 281 | 291 |
| BALONCESTO NARÓN | 5 | 0 | 5 | 0 | 172 | 405 |
| ARTAI | 5 | 0 | 5 | 0 | 166 | 489 |

### PRÓXIMA XORNADA

Carballo - Culleredo; Obradoiro - Estudiantes
B. Ferrol - Rosalía; B. Coruña - Narón

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

BBCA – Culleredo 39-91
Montrove – Narón 50-53
Estudiantes – Maristas Lugo 69-73
B. Coruña – B. Ferrol 50-77

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC CULLE | 4 | 3 | 1 | 0 | 265 | 199 |
| **MARISTAS LUGO** | **4** | **3** | **1** | **0** | **274** | **243** |
| NARON | 4 | 3 | 1 | 0 | 227 | 183 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **2** | **2** | **0** | **271** | **218** |
| MONTROVE | 4 | 2 | 2 | 0 | 258 | 236 |
| BASKET FERROL | 4 | 2 | 2 | 0 | 267 | 270 |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 1 | 3 | 0 | 216 | 284 |
| BBCA SARTAÑA | 4 | 0 | 4 | 0 | 175 | 320 |

### PRÓXIMA XORNADA

Montrove - BBCA; Culleredo - Estudiantes
Maristas - B. Coruña; Narón - B. Ferrol

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

Cidade – MGR Sarria 55-48
Sagrado – Celtas 68-65
Est. 06 – Candelas Ensino 34-73
CB Viveiro – Elev. Sarria 72-32
Est. 05 – Ria Ribadeo 32-70
Burela 06 – Franciscanos 54-51

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. ENSINO | 5 | 4 | 1 | 0 | 320 | 211 |
| CIDADE DE LUGO | 5 | 4 | 1 | 0 | 242 | 199 |
| SAGRADO | 4 | 4 | 0 | 0 | 217 | 111 |
| BURELA 06 MASC | 5 | 3 | 2 | 0 | 276 | 294 |
| MGR C. B. SARRIA | 4 | 3 | 1 | 0 | 204 | 115 |
| CB RIA RIBADEO | 4 | 3 | 1 | 0 | 172 | 132 |
| ESTUDIANTES 05 | 5 | 2 | 3 | 0 | 163 | 237 |
| CELTAS | 4 | 2 | 2 | 0 | 211 | 129 |
| CB VIVEIRO | 5 | 1 | 4 | 0 | 248 | 297 |
| AG ELEV. SARRIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 219 | 309 |
| FRANCISCANOS | 5 | 1 | 4 | 0 | 217 | 302 |
| ESTUDIANTES 06 | 5 | 0 | 5 | 0 | 168 | 321 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. 05 - Sagrado; MGR Sarria - Ria Ribadeo
C. Ensino - Burela 06; ELev. Sarria - Cidade
Franciscanos - CB Viveiro; Celtas - Est. 06

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

Estudiantes – Candelas Ensino 57-54
Maristas – Cortegada 74-69
B. Coruña – Rosalía 62-69
Peleteiro – BBCA 49-55

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 5 | 5 | 0 | 0 | 358 | 267 |
| **CANDELAS ENSINO** | **5** | **3** | **2** | **0** | **290** | **268** |
| BBCA VILAR | 5 | 3 | 2 | 0 | 266 | 282 |
| MARISTAS CORUÑA | 5 | 2 | 3 | 0 | 268 | 310 |
| PELETEIRO | 5 | 2 | 3 | 0 | 269 | 276 |
| CORTEGADA | 5 | 2 | 3 | 0 | 299 | 308 |
| **ESTUDIANTES** | **5** | **2** | **3** | **0** | **307** | **330** |
| BASQUET CORUÑA | 5 | 1 | 4 | 0 | 273 | 289 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas Coruña - BBCA; C. Ensino - B. Coruña
Cortegada - Estudiantes; Rosalía - Peleteiro

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

Cortegada – Maristas ---
B. Coruña – Cambados 57-29
Estudiantes – Porto do Son 70-22
BBCA – Culleredo 53-3

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **4** | **0** | **0** | **298** | **104** |
| BBCA CHAMORRO | 4 | 4 | 0 | 0 | 257 | 88 |
| CORTEGADA | 3 | 3 | 0 | 0 | 211 | 85 |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 2 | 2 | 0 | 171 | 237 |
| PORTO DO SON | 4 | 1 | 3 | 0 | 172 | 214 |
| MARISTAS | 3 | 1 | 2 | 0 | 151 | 197 |
| XUVEN CAMBADOS | 4 | 0 | 4 | 0 | 97 | 275 |
| KFC CULLE | 4 | 0 | 4 | 0 | 75 | 232 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Cambados; Cortegada - BBCA
Porto do Son - B. Coruña; Culleredo - Estudiantes

## MINI 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

Pontumio – Estudiantes 30-80
Baxi Ferrol – BBCA 52-77

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **4** | **0** | **0** | **298** | **162** |
| BBCA DONIÑOS | 4 | 3 | 1 | 0 | 303 | 183 |
| BAXI FERROL | 4 | 2 | 2 | 0 | 238 | 219 |
| PONTUMIO | 4 | 1 | 3 | 0 | 180 | 303 |
| MONTROVE | 4 | 0 | 4 | 0 | 121 | 273 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Montrove; Pontumio - BBCA

## CADETE 2º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

Terras Mariña – CB Viveiro 57-34
Ria Ribadeo – Terra Chá 80-22

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B. RIA DE RIBADEO | 3 | 3 | 0 | 0 | 235 | 71 |
| TERRAS DA MARIÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 149 | 141 |
| CB TERRA CHA | 3 | 2 | 1 | 0 | 139 | 145 |
| C. B. VIVEIRO | 3 | 0 | 3 | 0 | 100 | 196 |
| C. B. CELTAS | 2 | 0 | 2 | 0 | 54 | 124 |

### PRÓXIMA XORNADA

Terra Chá - Terras Mariña; CB Celtas - Ria Ribadeo

## CADETE 2º DIV. FEM. CENTRO

### RESULTADOS

Ensino 04 – Est. Azul 34-65
Ensino 03 – CB Sarria 59-43

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES ROJO | 3 | 3 | 0 | 0 | 188 | 112 |
| ESTUDIANTES AZUL | 3 | 3 | 0 | 0 | 100 | 93 |
| ENSINO LUGO 03 | 4 | 2 | 2 | 0 | 221 | 156 |
| C. B. SARRIA | 3 | 0 | 3 | 0 | 134 | 177 |
| ENSINO LUGO 04 | 3 | 0 | 3 | 0 | 52 | 157 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Azul - Est. Rojo; CB Sarria - Ensino 04

## JUNIOR 2º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

H. Ferreiro – Cidade 77-56
Estudiantes – CB Viveiro 62-38
Burela – Ria Ribadeo Apr.

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES | 4 | 4 | 0 | 0 | 279 | 209 |
| HIERROS FERREIRO | 4 | 3 | 1 | 0 | 249 | 241 |
| C. B. VIVEIRO | 4 | 2 | 2 | 0 | 191 | 210 |
| C. B. RIA DE RIBADEO | 3 | 2 | 1 | 0 | 177 | 144 |
| CIDADE DE LUGO | 4 | 0 | 4 | 0 | 195 | 276 |
| BURELA | 3 | 0 | 3 | 0 | 177 | 188 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade Lugo - Burela; Ribadeo - Estudiantes
CB Viveiro - H. Ferreiro

## PREMINI 2º MASC. G1

### RESULTADOS

Maristas – Franciscanoss 54-4
Galén Naranja – Est. Azul 2-52

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 2 | 2 | 0 | 0 | 111 | 10 |
| FRANCISCANOS | 2 | 1 | 1 | 0 | 41 | 69 |
| MARISTAS LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 54 | 4 |
| GALEN NARANJA | 2 | 0 | 2 | 0 | 17 | 89 |
| C. B. VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 8 | 59 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - CB Viveiro; Galén Naranja - Maristas

## PREMINI 2º MASC. G2

### RESULTADOS

Cidade – Galén Ensino 54-40
Est. Blanco – CB Sarria 4-54
Est. Rojo – CB Burela 52-48

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 129 | 43 |
| ESTUDIANTES ROJO | 2 | 2 | 0 | 0 | 113 | 77 |
| BURELA | 2 | 1 | 1 | 0 | 118 | 86 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 1 | 1 | 0 | 93 | 115 |
| GALEN ENSINO | 2 | 0 | 2 | 0 | 69 | 115 |
| EST. BLANCO | 2 | 0 | 2 | 0 | 38 | 124 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Est. Blanco; CB Sarria - Est. Rojo
Galén Ensino - Burela

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

Burela 05 – Ensino Lugo 44-46
Galén Ensino – Franciscanos 15-46
CB Viveiro – CB Sarria 34-60
Cidade Lugo – T. Mariña 47-37

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 3 | 3 | 0 | 0 | 166 | 63 |
| BURELA 05 FEM | 3 | 2 | 1 | 0 | 161 | 105 |
| FRANCISCANOS | 3 | 2 | 1 | 0 | 104 | 117 |
| STOS. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 118 | 63 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 1 | 0 | 52 | 83 |
| GALEN ENSINO | 3 | 1 | 2 | 0 | 69 | 139 |
| TERRAS DA MARIÑA | 3 | 1 | 2 | 0 | 105 | 148 |
| CB VIVEIRO | 3 | 0 | 3 | 0 | 110 | 149 |
| ESTUDIANTES | 2 | 0 | 2 | 0 | 96 | 109 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - CB Viveiro; T. Mariña - Estudiantes
CB Sarria - Cidade Lugo; Burela 05 - Galén Ensino

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

Galén Ensino – Cidade 22-49
CB Viveiro – Est. Celeste 63-48
CB Burela – Franciscanos 79-48
Fingoi – CB Sarria Apr.

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 121 | 43 |
| C.B.BURELA | 2 | 2 | 0 | 0 | 131 | 95 |
| FRANCISCANOS | 2 | 1 | 1 | 0 | 106 | 91 |
| C B VIVEIRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 84 | 120 |
| EST. CELESTE | 2 | 1 | 1 | 0 | 111 | 76 |
| GALEN ENSINO | 2 | 0 | 2 | 0 | 34 | 107 |
| C. B. SARRIA | 1 | 0 | 1 | 0 | 47 | 52 |
| FINGOI | 1 | 0 | 1 | 0 | 13 | 63 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Est. Celeste; Galén Ensino - CB Burela
Franciscanos - Fingoi; CB Sarria - CB Viveiro

## PREMINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

Galén Ensino – MGR Sarria 60-9
M. Auxiliadora – Est. Celeste 68-26
Fingoi – CB Sarria 24-56
Burela – Franciscanos 0-51

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 2 | 2 | 0 | 0 | 99 | 12 |
| C. B. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 87 | 51 |
| M. AUXILIADORA | 2 | 1 | 1 | 0 | 95 | 57 |
| FINGOI | 2 | 1 | 1 | 0 | 78 | 60 |
| GALEN ENSINO | 2 | 1 | 1 | 0 | 72 | 57 |
| EST. CELESTE | 2 | 1 | 1 | 0 | 85 | 76 |
| MGR C. B. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 13 | 114 |
| CB VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 8 | 59 |
| BURELA | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 51 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Celeste - Fingoi; Galén Ensino - Burela
Franciscanos - CB Viveiro; MGR Sarria - CB Sarria

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

San Ciprián – Ensino Lugo 43-36
Sagrado – MGR Sarria 41-58
CB Viveiro – Design Sarria 92-35
Est. Azul – Ribadeo 65-51

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 5 | 5 | 0 | 0 | 352 | 202 |
| ESTUDIANTES AZUL | 4 | 4 | 0 | 0 | 302 | 181 |
| C. B. VIVEIRO | 5 | 3 | 2 | 0 | 312 | 252 |
| ESTUDIANTES ROJO | 4 | 3 | 1 | 0 | 241 | 185 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 4 | 3 | 1 | 0 | 265 | 212 |
| MGR C. B. SARRIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 263 | 283 |
| ENSINO LUGO | 4 | 1 | 3 | 0 | 189 | 205 |
| A.X. SAGRADO | 5 | 0 | 5 | 0 | 191 | 354 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 4 | 0 | 4 | 0 | 112 | 353 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Azul - Est. Rojo; MGR Sarria - Ribadeo
Ensino Lugo - CB Viveiro; Design Sarria - Sagrado

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

Cidade – CB Sarria 70-31
M. Auxiliadora – Est. Azul 43-44
Franciscanos – CB Celtas 11-62
Galén Ensino – Ria Ribadeo 50-0
CB Viveiro – Est. Rojo 62-12

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB CELTAS | 2 | 2 | 0 | 0 | 123 | 22 |
| GALEN ENSINO | 2 | 2 | 0 | 0 | 104 | 4 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 123 | 33 |
| EST. AZUL | 2 | 2 | 0 | 0 | 119 | 116 |
